

## **ACTA NÚM. 2/2021**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10 horas** do día **28 de xaneiro de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

### **1. ASISTEN:**

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

#### **PSdeG-PSOE:**

Dona Mercedes Rosón Ferreiro  
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)  
Dona María Milagros Castro Sánchez  
Don Gonzalo Muíños Sánchez  
Dona Marta Abal Rodríguez  
Don José Manuel Pichel Patiño  
Don José Javier Fernández Martínez  
Dona María Esther Pedrosa Carrete  
Don Rubén Pol Mariño

#### **PP:**

Dona Ana Belen Sabel Iglesias  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)  
Dona María Angeles Antón Vilasánchez  
Don José Antonio Constenla Ramos  
Don Evaristo Ben Otero  
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia  
Dona Beatriz Cigarrán Vicente  
Dona María Castelao Torres

#### **CA:**

Dona Branca Petra Novo Rey  
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)  
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez  
Dona María Rozas Pérez  
Don Xan Xesús Duro Fernández

#### **BNG:**

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)  
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

### **ORDE DO DÍA:**

**1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001706L.**

Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 17 de decembro de 2020.

**2. ALCALDÍA. Referencia: 2021/00002105G.**

Proposta da alcaldía relativa á periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.

**3. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001735W.**

Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para manter os postos de traballo dos empregados da liña de autobuses ao aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro.

**4. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001739Y.**

Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre a sinatura do convenio coa USC, a urxente contratación das obras de mellora do Campus Sur e a participación da oposición no órgano de seguimento e avaliación da Edusi.

**5. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001741P.**

Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para crear unha comisión municipal do Xacobeo co fin de captar fondos doutras administracións e de reorientar os programas de turismo e cultura.

**6. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001743X.**

Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a elaboración do V Plan de igualdade 2021-2024 e para incluír a perspectiva de xénero nos orzamentos municipais.

**7. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001744B.**

Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para a implantación dos anticipos de caixa fixa nas axudas sociais e para axilizar o seu pagamento.

**8. INTERVENCIÓN. Referencia: 2021/00001706L.**

Dar conta da resolución de prórroga do orzamento de 2020 para o ano 2021.

**9. TESOURERÍA. Referencia: 2021/00001706L.**

Dar conta da elevación á aprobación definitiva da modificación da ordenanza 3.24, taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal.

**10. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2021/00001706L.**

Dar conta de resolucións da alcaldía, concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno.

**11. ROGOS E PREGUNTAS.**

**Rogos:**

Presentado por CA reclamando melloras no CIM de Santiago.

Presentado polo BNG conmemorar centenario Cantigas e Agarimos.

Presentado polo BNG para instalar iluminación aparcadoiro Altiboia.

Presentado polo BNG senda mitolóxica do Viso.  
Presentado polo PP prazas aparcamento da rúa do Hórreo.  
Presentado polo PP proxectos de peonalización.  
Presentado polo PP mellora dotacións na zona de Sta. Marta.  
Presentado por CA melloras na senda do Monte Viso.

**Preguntas resposta oral:**

Presentada por CA sobre estacionamento residentes cidade histórica.  
Presentada polo PP sobre o tráfico no contorno da intermodal.  
Presentada polo PP sobre a licitación da vía verde entre Santiago e Oroso.  
Presentada polo PP sobre o transporte urbano ao aeroporto.  
Presentada polo BNG sobre o COVID e restricións de aforos na hostalería.  
Presentada polo BNG sobre instalación de colectores de recollida de residuos.  
Presentada polo BNG sobre administración electrónica.  
Presentada por CA sobre centro de atención ás persoas sen fogar.  
Presentada por CA sobre o carril bici na rúa Clara Campoamor.

**Preguntas resposta escrita:**

Presentada polo PP renuncia a subvención compostaxe.  
Presentada por CA sobre vertedura no lugar da Sionlla.  
Presentada polo PP saneamento na rúa dos Vilares.

**12. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNs PRESENTADAS POLOS GRUPOS  
POLÍTICOS MUNICIPAIS:**

1. Presentada polo grupo municipal de CA para a creación dunha ruta polo pequeno patrimonio cultural das zonas verdes de Santiago.
2. Presentada polo grupo municipal de CA para a realización de diversas actuacións nas escolas infantís municipais.
3. Presentada polo grupo municipal do BNG para que o concello medie no conflito laboral do transporte de Lavacolla que debe ser subrogado.
4. Presentada polo grupo municipal do BNG para a celebración do día de Rosalía.
5. Presentada polo grupo municipal de CA en solidariedade e apoio co sector da hostalería da nosa cidade.
6. Presentada polo grupo municipal do PP para garantir os dereitos dos traballadores da liña do autobús ao aeroporto afectados polo cambio na concesión.
7. Presentada polo grupo municipal do PP para melloras puntuais e planificación da reurbanización da rúa Corredoira das Fraguas.
8. Presentada polo grupo municipal de CA para frear o aumento das casas de apostas.
9. Presentada polo grupo municipal do BNG para designar fillo adoptivo de Santiago ao fotoxornalista Emilio Lavandeira Prieto.
10. Presentada polo grupo municipal do BNG para mellora a accesibilidade no barrio da Almaciga.

Antes de entrar no estudo dos asuntos incluídos na orde do día gárdase un minuto de silencio polas vítimas da Covid e da violencia de xénero.

A continuación ten lugar a intervención de Don David Rouco Carreira, en representación dos traballadores non subrogados da liña de bus ao aeroporto, e que ten relación coas proposicións presentadas polos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego.

Preséntase por urxencia unha moción de todos os grupos políticos municipais, para apoiar as reivindicacións da Plataforma “Crer en Nós”, que é declarada urxente por unanimidade de todos e todas os/as concelleiros/as, e será tratada ao principio do punto de mocións:

**Moción conxunta de todos os grupos municipais para apoiar as reivindicacións da Plataforma “Crer en Nós”.**

Cumpriméntase así:

**1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001706L.**

**Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 17 de decembro de 2020.**

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do día 17 de decembro de 2020.

**2. ALCALDÍA. Referencia: 2021/00002105G.**

**Proposta da alcaldía relativa á periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.**

A proposta da alcaldía é do seguinte teor literal:

“Unha vez consultada a Xunta de Portavoces respecto do cambio de hora das sesións plenarias ordinarias, teño a ben presentar ao Pleno da Corporación, a seguinte:

Proposta:

Que as sesións ordinarias do pleno teñan periodicidade mensual todos os meses do ano, agás o mes de agosto. Celebráranse o último xoves de cada mes ás 10 horas en primeira convocatoria, no caso de ser festivo celebraranse dous días antes ou despois á mesma hora, previa consulta á Xunta de Portavoces.”

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda que as sesións ordinarias do pleno teñan periodicidade mensual todos os meses do ano, agás o mes de agosto. Celebráranse o último xoves de cada mes ás 10 horas en primeira convocatoria, no caso de ser festivo celebraranse dous días antes ou despois á mesma hora, previa consulta á Xunta de Portavoces.

**3. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001735W.**

**Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para manter os postos de traballo dos empregados da liña de autobuses ao aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro.**

A proposición presentada polo grupo municipal de CA con data 18 de xaneiro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo procura o mantemento dos postos de traballo e a súa incorporación como persoal a subrogar polo novo concesionario do transporte público urbano.

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

En xuño de 2019 o actual goberno municipal tiña á súa disposición un novo deseño da rede de transporte urbano, incluído nos pregos para o novo concurso e concesión do servizo. Un deseño que fora contrastado no marco do Pacto Local pola Mobilidade e que xurdira de analizar por vez primeira cales eran os principais puntos xeradores e atractores de viaxeiros, despois de anos realizando modificacións das rutas para satisfacer necesidades puntuais sen avaliar estratexicamente o conxunto do servizo. Na planificación realizada tíñase en conta tamén a existencia dun acordo coa Xunta para realizar unha transición progresiva para que o Concello asumise todas as liñas de transporte dependentes da administración autonómica que tiveran orixe e destino dentro do termo municipal de Santiago de Compostela. Prevíase que esa transición se completaría a finais de 2020, tal e como efectivamente aconteceu no pasado mes de decembro.

Pasados vinte meses do actual mandato municipal, e a pesar de ter os traballos do novo prego moi avanzados xa en xuño de 2019, o Concello de Santiago chegou a finais do 2020 sen ter a nova licitación dos autobuses urbanos nin sequera iniciada.

No mes de setembro, a Xunta de Galicia confirmoulle ao Concello de Santiago que a partir do 23 de decembro as liñas prestadas por outros operadores, coma a ruta ao aeroporto, pasarían a ser de competencia municipal. Desde setembro e ata o 23 de decembro, o goberno local tivo tempo para estudar distintas opcións: negociar a continuidade do servizo, igual que fixo coas outras catro operadoras; ditar unha orde de continuidade á empresa Freire, ou negociar coa operadora actual do transporte público as condicións para asumir o servizo incorporando aos traballadores que o viñan prestando coa anterior concesionaria.

Fronte a iso, o 23 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno Local acordou que fose a actual concesionaria, a UTE Trapsa-Aulusa, a que realizase a prestación do servizo da liña ao aeroporto, integrándoo no percorrido da liña 6 (San Marcos-Os Tilos).

A non licitación aínda do novo contrato de autobuses impediu a subrogación dos traballadores por parte de Tralusa, e a decisión tomada polo Concello de Santiago de que fora Tralusa quen prestara o servizo, sen ningún acordo previo para manter estes postos de traballo, provocou que o día 23 de decembro o persoal quedara nunha especie de limbo laboral, posto que a concesionaria anterior, Freire, non os despediu, dándolles a entender que ían ser subrogados pola concesionaria do transporte público municipal, pero Tralusa non os contratou. Deste xeito, os traballadores non están a cobrar as súas nóminas desde o 23 de decembro, mais tampouco poder solicitar o subsidio de desemprego ao non terse efectivizado os seus despedimentos.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta considera que o goberno municipal ten que deixar a un lado a súa pasividade e tomar medidas proactivas para que o Concello exerza de mediador coas empresas para garantir os postos de e traballo, e que este persoal ademáis, sexa contemplado como persoal de obrigada subrogación polo novo concesionario do transporte público cando se resolva o concurso polo goberno local. É por iso que presenta á consideración do Pleno o seguinte:

## **ACORDO:**

Instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Incorporar na próxima licitación do transporte urbano de Santiago a obrigatoriedade de subrogación de todo o persoal básico da liña de autobús ao aeroporto, actualmente servizo incorporado á liña 6.
2. Mediar coas empresas -Tralusa e Freire- para que se aprobe un Laudo arbitral no Consello galego de Relacións Laborais para que a anterior subrogación sexa de obrigado cumprimento.
3. Mediar coas empresas para que se solucione a situación actual do persoal básico, 8 condutores, que desde o 23 de decembro están nun limbo laboral e á espera de futuras solucións.”

Debateronsse conxuntamente con esta proposición as mocións presentadas polo BNG e polo Partido Popular, e votadas a continuación da mesma.

As votacións de ambas mocións van ser reflexadas no punto de toma en consideración das mocións.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Incorporar na próxima licitación do transporte urbano de Santiago a obrigatoriedade de subrogación de todo o persoal básico da liña de autobús ao aeroporto, actualmente servizo incorporado á liña 6.
2. Mediar coas empresas -Tralusa e Freire- para que se aprobe un Laudo arbitral no Consello galego de Relacións Laborais para que a anterior subrogación sexa de obrigado cumprimento.
3. Mediar coas empresas para que se solucione a situación actual do persoal básico, 8 condutores, que desde o 23 de decembro están nun limbo laboral e á espera de futuras solucións.

#### **4. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001739Y.**

**Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre a sinatura do convenio coa USC, a urxente contratación das obras de mellora do Campus Sur e a participación da oposición no órgano de seguimento e avaliación da Edusi.**

A proposición do epígrafe presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con data 18 de xaneiro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A situación de abandono do Campus Sur foi obxecto de varias iniciativas e compromisos nos últimos anos, pero o certo é que -tal e como o teñen reflectido recentemente os medios de comunicación- o seu deterioro é constante e progresivo.

Hai anos que o Campus Sur precisa melloras que o convertan nun lugar máis atractivo e, sobre todo, máis seguro. O seu emprazamento é unha oportunidade para o conxunto da cidade, polo que hai que convertelo nun lugar agradable e non permitir que acabe sendo un lugar a evitar.

O Campus Sur é importante, non só como recinto universitario, senón tamén como extensión do propio núcleo urbano, área de expansión, espazo xerador de actividade, que está a ofrecer unha alternativa de aparcamento para boa parte da cidadanía que vive, traballa e merca no Ensanche, un aspecto que debería mellorarse, ambiental e funcionalmente, coa construción dun aparcamento soterrado -tomando en consideración o anteproxecto dispoñible e as demandas ao respecto- coa finalidade de ampliar a oferta de prazas dispoñibles para o conxunto do Ensanche e coa finalidade de atenuar a presión do tráfico en superficie no propio Campus.

A reforma das beirarrúas, dos firmes, o coidado das súas zonas verdes e o mobiliario urbano, así como a mellora da iluminación, son unha necesidade urxente.

É preciso poñer en marcha canto antes unha colaboración intensa e permanente, a través da figura dun convenio regulador, que garanta unha continúa atención e un mantemento diario a este espazo singular. Hai algo máis de 15 anos (en 2005) púxose en marcha un convenio deste tipo, pero non acabou de funcionar, porque non se cumpriron os seus fins, nin houbo un mecanismo de control que o fixera eficaz. A experiencia debería servirnos para acordar unha fórmula axeitada para manter unha colaboración satisfactoria para a Universidade e para o Concello, que redundaría nunha melloría moi apreciable para o conxunto dos cidadáns.

Aínda que por parte do goberno anterior e do actual se levaron a cabo pequenas accións illadas nalgúns puntos concretos, as dúas últimas actuacións de certo calado acometidas polo Concello producíronse durante o período 2011-2015: unha en 2011, que afectou á práctica totalidade das rúas do Campus Sur, cun investimento de máis de 300.000 euros, con traballos que afectaron ás beirarrúas, pavimentos, pintado e substitución de bancos e mellora de zonas deportivas; e outra en 2013, na que se procedeu á mellora en dez puntos prioritarios, para acondicionar as beirarrúas, tapas da rede de sumidoiros e arquetas.

Con todo, a gran materia pendente continuou e continúa a ser a formalización dun convenio para afrontar unha reurbanización integral do Campus Sur. A este respecto, no anterior mandato acordouse por unanimidade a execución dun Plan de Urxencia –en colaboración coa USC- destinado á reparación de vías e beirarrúas, mantemento de pistas deportivas, peches, colectores de lixo, sinalización e mobiliario urbano e tamén se acordou un novo convenio coa Universidade para recoller as necesidades e fixar un marco de colaboración de cara ao futuro.

Pasaron máis de 5 anos e nada diso se fixo, nin se actuou nos casos puntuais máis urxentes, nin se concretou ningún marco de colaboración para facelo con normalidade no futuro, a pesar dos anuncios e compromisos públicos reiterados no tempo, un dos últimos do actual alcalde -despois dunha xuntanza co equipo reitoral- no que fixaba a

sinatura para o mes de xaneiro do ano pasado.

A tardanza na sinatura do convenio e na execución das melloras resulta dificilmente comprensible cando a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible (EDUSI) contempla un investimento para a recuperación do Campus Sur para a cidadanía, cun investimento próximo aos 420.000 euros. Unha actuación que foi aprobada polo Goberno central no mes de outubro do ano pasado, segundo puidemos saber por medios extraoficiais, posto que o Goberno actual -como o anterior- continúa a manter á marxe á oposición das xuntanzas do Órgano de Participación, seguimento e avaliación da EDUSI, onde -con menor frecuencia da comprometida- informa dos pormenores deste programa europeo a distintas entidades da cidade, sen facer partícipe a ningún grupo da oposición. Algo que debería cambiar, polo ben da transparencia e do normal funcionamento da propia institución.

En todo caso, deixando apuntada esa anomalía na participación dentro do Concello, o Campus Sur e a USC necesitan unha liña de colaboración permanente e estable, tal e como se concibiu no seu día e tal e como se aprobou hai máis de cinco anos, para garantir o mantemento, a conservación e a constante posta a punto dun ámbito de gran transcendencia para a comunidade universitaria e para o conxunto da cidadanía de Santiago.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular presenta para a súa consideración o seguinte

#### ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano municipal a:

1. Que coa maior dilixencia posible se proceda a subscribir e desenvolver un convenio de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago que permita fixar un marco de colaboración de cara ao futuro e unha urxente actuación de reurbanización integral do Campus Sur no que se melloren vías e beirarrúas, se manteñan as pistas deportivas, peches, colectores de lixo, sinalización e mobiliario urbano, conforme ás previsións da EDUSI e mantendo a compatibilidade coa previsión de construír un aparcadoiro subterráneo neste ámbito.
2. Que se dean as instrucións e os pasos necesarios para incluír a presenza dos grupos da oposición no órgano de participación, seguimento e avaliación da EDUSI."

Auséntase un momento durante o debate o señor alcalde, e pasa a presidir a sesión o tenente de alcalde, D. Gumersindo Guinarte.

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano municipal a:

1. Que coa maior dilixencia posible se proceda a subscribir e desenvolver un convenio de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago que permita fixar un marco de colaboración de cara ao futuro e unha urxente actuación de reurbanización integral do Campus Sur no que se melloren vías e beirarrúas, se manteñan as pistas deportivas, peches, colectores de lixo, sinalización e mobiliario urbano, conforme ás



previsións da EDUSI e mantendo a compatibilidade coa previsión de construír un aparcadoiro subterráneo neste ámbito.

2. Que se dean as instrucións e os pasos necesarios para incluír a presenza dos grupos da oposición no órgano de participación, seguimento e avaliación da EDUSI.

#### **5. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001741P.**

**Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para crear unha comisión municipal do Xacobeo co fin de captar fondos doutras administracións e de reorientar os programas de turismo e cultura.**

Con data 19 de xaneiro do corrente ano, foi presentada polo BNG a proposición do epígrafe, que ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa á creación dunha comisión municipal do Xacobeo co fin de reorientar os programas de turismo e cultura e de impulsar acordos comúns para conseguir investimentos doutras administracións.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Ante o acordo de estender de 2021 a 2022 as celebracións do Xacobeo, como medida extraordinaria derivada da pandemia da covid-19, é precisa unha maior participación dos grupos municipais, do tecido asociativo cidadán e os sectores afectados, para colaborar na reorientación dos programas e co obxectivo de impulsar acordos comúns para conseguir investimentos doutras administracións e que estes redunden na proxección internacional de Santiago de Compostela e na mellora da calidade de vida da veciñanza.

Esta comisión municipal deberá redefinir o papel do Xacobeo 2021-2022 en relación coa cultura e co turismo en Santiago de Compostela, para convertelo nun escaparate da creación galega que sirva de instrumento de internacionalización das industrias culturais galegas e tamén coa diversificación e especialización da oferta turística. Esta iniciativa e o traballo conxunto fanse máis relevantes aínda nun momento en que tanto programación como investimentos deberán adecuarse ás distintas situacións sanitarias e axustar os orzamentos a propostas de maior rendibilidade económica e social nun momento en que dous dos sectores máis implicados como son o turismo e a cultura están a pasar unha crise de grande calado derivada das medidas impostas polo coronavirus. Neste sentido, é preciso estudar tanto os formatos como as ferramentas de difusión co fin de que este Xacobeo poida utilizarse de maneira eficaz para a promoción da nosa cultura e a dinamización do sector turístico. Cómpre, máis que nunca, evitar a dilapidación de recursos e centrar os esforzos en responder a unha situación de urxencia que precisa intelixencia e eficacia para que os orzamentos públicos se encamiñen a paliar os dramáticos efectos do coronavirus no noso concello.

Resulta fundamental unha alianza entre institucións para conseguir dotacións económicas extraordinarias ao Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e ao Estatuto da Capitalidade para destinalas, ao abeiro do Xacobeo 2021-2022, á mellora urbana, dos espazos públicos e do ámbito cultural co obxectivo de contribuír á recuperación da crise derivada da pandemia do coronavirus, para que eses investimentos sirvan para crear sinerxías co sector turístico e cultural e revertan a futuro en cuestións de carácter estrutural.

Para a reactivación do tecido cultural, é necesaria unha reorientación da programación do Xacobeo, cun financiamento extraordinario para a contratación de artistas de Galiza co obxectivo de que este evento poida servir para revitalizar a cultura propia e a súa proxección internacional entre as persoas que visiten o noso país. Este investimento público debe ser acorde coa importancia que ten a cultura para facer que esta sexa un elemento central de desenvolvemento económico. O sector cultural representa o 5,2% do PIB e en 2019 había 494 empresas ligadas a este ámbito en Santiago de Compostela. Este eixo de traballo debe incluír tamén o diálogo con artistas e creador@s doutras culturas e coa aposta pola internacionalización da nosa cultura e a potenciación de a dar a coñecer fóra das nosas fronteiras.

No relativo ao cambio turístico, adecuación de espazos para persoas que fan o Camiño de Santiago, é necesario un plan dialogado co sector para a difusión de paquetes de viaxes que inclúan noites de hotel, comidas, espectáculos, roteiros guiados e visitas a museos e espazos naturais e de valor patrimonial, para procurar un turismo de calidade de especialización temática e non de masificación. Cómpre lembrar que o sector turístico representa en Santiago de Compostela arredor do 20% do PIB e numerosos postos de traballo directos e indirectos marcados pola súa temporalidade.

Xunto a iso, é necesaria a revisión do Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 para a súa adecuación ao contexto de prevención da pandemia da covid-19, para atender á plurianualidade 2021-2022 e coa perspectiva do Xacobeo 2027, co obxectivo de que incidan no reforzo do tecido empresarial local, na mellora das infraestruturas e na consecución dun modelo turístico sustentábel.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

1.O Pleno do Concello insta o correspondente órgano do Goberno local a convocar unha comisión municipal especial sobre o Xacobeo (2021-2022), con presenza tanto, para alén do goberno, de todos os grupos da oposición como de asociacións e colectivos relevantes do ámbito cultural e turístico.

2. O Pleno do Concello insta ao Goberno da Xunta a realizar unha reformulación da programación do Xacobeo para fomentar a contratación de artistas locais e galegos e a establecer convenios coa hostalaría e comercio para desenvolver actividades culturais de rúa.

3. O Pleno do Concello insta o Goberno do Estado a habilitar partidas extraordinarias nos Orzamentos Xerais para sufragar os gastos derivados desta celebración do Xacobeo 2021-2022.

4. O Pleno do Concello insta os gobernos da Xunta e do Estado a habilitar partidas extraordinarias para o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela ao abeiro do Xacobeo 2021-2022.”

No debate desta proposición auséntase momentaneamente o señor alcalde, e durante a súa ausencia preside a sesión o tenente de alcalde, D. Gumersindo Guinarte Cabada.

Á presente proposición presentou emenda o grupo municipal de CA que non foi aceptada, xa que logo o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e do Partido Popular (2 BNG e 8 PP), e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e de CA, acorda:

1. Instar o correspondente órgano do Goberno local a convocar unha comisión municipal especial sobre o Xacobeo (2021-2022), con presenza tanto, para alén do goberno, de todos os grupos da oposición como de asociacións e colectivos relevantes do ámbito cultural e turístico.
2. Instar ao Goberno da Xunta a realizar unha reformulación da programación do Xacobeo para fomentar a contratación de artistas locais e galegos e a establecer convenios coa hostalaría e comercio para desenvolver actividades culturais de rúa.
3. Instar o Goberno do Estado a habilitar partidas extraordinarias nos Orzamentos Xerais para sufragar os gastos derivados desta celebración do Xacobeo 2021-2022.
4. Instar os gobernos da Xunta e do Estado a habilitar partidas extraordinarias para o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela ao abeiro do Xacobeo 2021-2022.

**6. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001743X.**

**Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a elaboración do V Plan de igualdade 2021-2024 e para incluír a perspectiva de xénero nos orzamentos municipais.**

O día 19 de xaneiro foi presentada polo BNG a seguinte proposición:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa á elaboración do V Plan de Igualdade 2021-2024 e para incluír a perspectiva de xénero nos orzamentos municipais de 2021.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Santiago de Compostela contou co I Plan de igualdade (2001-2004), co II Plan de igualdade (2005-2008), co III Plan de Igualdade (2009-2011 prorrogado até 2014) e co IV Plan de Igualdade (2017-2020). Neste último, faise unha proposta de avaliación para facer un seguimento das actuacións, para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos descritos, a eficacia das medidas e dos recursos destinados, a detección de obstáculos para a busca de solucións e dos puntos fortes que sirvan de fortaleza para resolver os problemas que puidesen xurdir. A concreción deste programa das cantidades necesarias para o seu desenvolvemento non se reflectía nos Orzamentos, senón que baseaba na boa vontade das diferentes áreas de Goberno o sustento da imprescindible transversalidade, tal e como se recolleu no debate do Pleno en que se aprobou.

Como se determina tamén no IV Plan de Igualdade, a colaboración entre as diferentes áreas do Concello na súa posta en marcha é a base para desenvolver a estratexia de implantación e seguimento. Parte, pois, da participación e implicación de todas as áreas identificadas como relevantes na execución das medidas.

Para iso, é fundamental que o V Plan de Igualdade (2021-2025), que xa debera estar en marcha, inclúa un apartado específico para que os Orzamentos municipais teñan en consideración a perspectiva de xénero e insiran medidas transversais que conduzan a corrixir as desigualdades, posto que é necesaria a asignación de recursos de xeito proporcional para incrementar a cohesión social, ademais da reorganización de procedementos municipais que atendan os obxectivos de reducir a discriminación contra as mulleres nas políticas públicas. Favorécese deste xeito o labor de concienciar sobre o punto de partida diferente en que se atopan homes e mulleres na estrutura social compostelá, para o que cómpre redistribuír os fondos dos programas económicos para fomentar a equidade mediante os Orzamentos municipais.

Así, pódese apostar por políticas transformadoras que tendan a clasificar os gastos e os investimentos que dispoñen dun impacto diferenciado para homes e mulleres, tanto na avaliación de necesidades e persoas beneficiarias da prestación dos servizos públicos para incentivar a igualdade de oportunidades na contratación. Para iso, cómpre elaborar un informe que examine o orzamento desagregando as partidas e programas en función do seu impacto sobre as mulleres, o que debe ser realizado coa participación de cada departamento e coa dotación de instrumentos e formación necesaria relativa á perspectiva de xénero.

En Santiago de Compostela hai 3.463 mulleres e 2.944 homes rexistradas/os no paro (decembro 2020) cando eran 2.977 mulleres e 2.394 homes en decembro de 2019. De feito, as desigualdades e recortes de dereitos acrecéntanse en tempos de crise, especialmente derivados da falta de independencia económica e da precariedade laboral. A isto hai que sumar a temporalidade e a curta duración dos contratos, a diferenza salarial que non se corresponde co posto de responsabilidade de traballo, as dificultades para optar a postos de dirección, as enfermidades profesionais non recoñecidas, o alto risco de acoso que padecen moitas mulleres no ámbito laboral e a realización de horas extras non remuneradas son algúns dos aspectos que afondan nas discriminacións laborais. A nivel galego, a taxa de temporalidade no emprego das mulleres situábase xa en 2019 no 27,5% (2,1 puntos máis que a masculina) e o 77,3% dos traballos a xornada parcial son realizados por mulleres. O 37% das asalariadas tiveron ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional (SMI) e, como consecuencia, a fenda das pensións tamén se multiplicou, chegando ao 36,6% con respecto á dos homes.

Datos dun informe da Rede galega contra a pobreza, integrada por 21 entidades representativas de colectivos vulnerábeis, revelan que en 2019 o 24,4% das mulleres estaban en risco de pobreza ou exclusión social, fronte ao 20,7% dos homes.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

1. O Pleno do Concello insta o correspondente órgano do Goberno local a dar conta dos resultados da avaliación do IV Plan de Igualdade (2015-2020).
2. O Pleno do Concello insta o correspondente órgano do Goberno local a elaborar, en colaboración co movemento asociativo feminista e dos grupos municipais, o V Plan de Igualdade (2021-2024) en que incluírá un apartado específico para que os Orzamentos municipais teñan en consideración a perspectiva de xénero.

3. O Orzamento de 2021 realizará unha previsión de dotación orzamentaria para o Plan de Igualdade.

4. O Concello de Santiago de Compostela incorporará a perspectiva e o impacto de xénero a todos os niveis do proceso orzamentario co obxectivo de reestruturar ingresos e gastos para promover a igualdade na prestación dos servizos públicos municipais.”

Á presente proposición presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular que foi transaccionada posteriormente polo grupo municipal do BNG, polo que o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1. Instar o correspondente órgano do Goberno local a dar conta dos resultados da avaliación do IV Plan de Igualdade (2015-2020).

2. Instar o correspondente órgano do Goberno local a asegurar o cumprimento das medidas previstas no IV Plan de Igualdade e a elaborar posteriormente, en colaboración co movemento asociativo feminista e cos colectivos que traballan para lograr a igualdade e dos grupos municipais, o V Plan de Igualdade 2021-204, en que se incluírá un apartado específico para que os orzamentos municipais teñan en consideración a perspectiva de xénero.

3. O orzamento de 2021 realizará unha previsión de dotación orzamentaria para o Plan de Igualdade.

4. O Concello de Santiago de Compostela incorporará a perspectiva e o impacto de xénero a todos os niveis do proceso orzamentario co obxectivo de reestruturar ingresos e gastos para promover a igualdade na prestación dos servizos públicos municipais.

#### **7. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001744B.**

**Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para a implantación dos anticipos de caixa fixa nas axudas sociais e para axilizar o seu pagamento.**

Foi presentada polo grupo municipal de CA con data 19 de xaneiro do corrente ano, a proposición que a continuación se transcribe:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A situación extrema que estamos a vivir como consecuencia da pandemia da COVID-19 obriga ás administracións públicas a facer todo o posible para prestar servizos eficientes e áxiles, en especial a aquelas persoas en situación de vulnerabilidade social afectadas pola crise.

No pleno do 24 de Abril do 2020 o Concello de Santiago aprobou unha modificación das bases de execución do orzamento da base 34 para incluír as instrucións de

establecemento e xestión dos Anticipos de Caixa Fixa. E, en outubro do 2020, en resposta a unha pregunta escrita do grupo municipal de Compostela Aberta, o Goberno indicou que neses momentos o Concello aínda non fixera uso da ferramenta dos Anticipos de Caixa Fixa.

Os Anticipos de Caixa Fixa son provisións de fondos de carácter extraorxamentario e permanente que se realizan a caixas e habilitacións para a atención inmediata e posterior aplicación ao capítulo de gastos correntes en bens e servizos do orzamento do ano no que se realicen, de gastos periódicos e repetitivos, que se deberán xustificar coa periodicidade que se estableza. Previstos no eido da administración local no art. 190.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constitúen un procedemento de execución de gasto cuxa finalidade é axilizar o pagamento de gastos habituais no funcionamento normal do Concello e de escasa contía.

Por tanto, co obxectivo de axilizar o pagamento das axudas sociais concedidas polo goberno municipal e eliminar burocracia previa o cobro das axudas para persoas que se atopen nunha situación vulnerable economicamente, propónse a implantación dos anticipos de caixa fixa neste tipo de gastos.

No expediente de modificación das bases de execución do orzamento de Abril do 2020 indicábase que unicamente se podían tramitar a través do sistema de anticipos de caixa fixa unha serie de gastos en determinados conceptos do capítulo II. Mais de forma excepcional e de forma motivada poderíanse imputar outros gastos. Tamén a contía podería verse incrementada no caso de ser xustificado. Polo que nesa excepcionalidade podería valorarse a inclusión das axudas sociais, con imputación orxamentaria no capítulo IV, sen prexuízo da modificación das bases de execución do orzamento no ano 2021.

Esta medida formulada foi xa implementada noutros concellos, por exemplo na contorna de Santiago, no concello de Ames, durante o estado de alarma. E xa fai varios anos no concello de Avilés, acadando ser un dos concellos que máis rápido tramitan as axudas sociais, catro veces máis rápido que a media, nun prazo de 10 días dende que a axuda é solicitada.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

**ACORDO:**

Instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Incluír nas bases de execución do orzamento do ano 2021 a posibilidade de utilizar o anticipo de caixa fixa para o capítulo IV.
2. Utilizar esta ferramenta contable para axilizar o pagamento das axudas sociais.”

Auséntase un momento durante o debate o señor alcalde, sendo presidida a sesión durante a súa ausencia, polo tenente de alcalde, señor Guinarte Cabada.

Á presente proposición presentou emenda transaccional o grupo municipal do Partido Popular que foi aceptada polo grupo municipal de Compostela Aberta, polo que o

Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Que se valore incluír nas bases de execución do orzamento do ano 2021 a posibilidade de utilizar o anticipo de caixa fixa para o capítulo IV.

2. Utilizar esta ferramenta contable para axilizar o pagamento das axudas sociais.

**8. INTERVENCIÓN. Referencia: 2021/00001706L.**

**Dar conta da resolución de prórroga do orzamento de 2020 para o ano 2021.**

O Pleno da Corporación queda coñecedor da resolución da concelleira delegada de economía e facenda de data 30 de decembro de 2020, de prórroga do orzamento do ano 2020 para o presente exercicio.

**9. TESOURERÍA. Referencia: 2021/00001706L.**

**Dar conta da elevación á aprobación definitiva da modificación da ordenanza 3.24, taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal.**

O Pleno da Corporación queda coñecedor da elevación á aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal 3.24, taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal, aprobada inicialmente na sesión plenaria extraordinaria do día 9 de novembro de 2020, e publicada no Boletín Oficial da Provincia do día seguinte.

**10. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2021/00001706L.**

**Dar conta de resolucións da alcaldía, concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno.**

O Pleno da Corporación queda coñecedor:

Das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas no período entre o día 11 de decembro de 2020 ata o 7 de xaneiro de 2021.

Así mesmo, tamén queda coñecedor das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Sesión ordinaria 23/11/2020.

Sesión extraordinaria urxente 24/11/2020.

Sesión extraordinaria urxente 26/11/2020.

Sesión extraordinaria urxente 27/11/2020.

Sesión ordinaria 30/11/2020.

Sesión extraordinaria urxente 01/12/2020.

Sesión ordinaria 07/12/2020.

Sesión extraordinaria urxente 07/12/2020.

Sesión extraordinaria urxente 10/12/2020.

Sesión ordinaria 14/12/2020.

**11. ROGOS E PREGUNTAS.**

**Rogos:**

Presentado por CA reclamando melloras no CIM de Santiago.  
Presentado polo BNG conmemorar centenario Cantigas e Agarimos.  
Presentado polo BNG para instalar iluminación aparcadoiro Altiboia.  
Presentado polo BNG senda mitolóxica do Viso.  
Presentado polo PP prazas aparcamento da rúa do Hórreo.  
Presentado polo PP proxectos de peonalización.  
Presentado polo PP mellora dotacións na zona de Sta. Marta.  
Presentado por CA melloras na senda do Monte Viso.

**Preguntas resposta oral:**

Presentada por CA sobre estacionamento residentes cidade histórica.  
Presentada polo PP sobre o tráfico no contorno da intermodal.  
Presentada polo PP sobre a licitación da vía verde entre Santiago e Oroso.  
Presentada polo PP sobre o transporte urbano ao aeroporto.  
Presentada polo BNG sobre o COVID e restricións de aforos na hostalería.  
Presentada polo BNG sobre instalación de colectores de recollida de residuos.  
Presentada polo BNG sobre administración electrónica.  
Presentada por CA sobre centro de atención ás persoas sen fogar.  
Presentada por CA sobre o carril bici na rúa Clara Campoamor.

**Preguntas resposta escrita:**

Presentada polo PP renuncia a subvención compostaxe.  
Presentada por CA sobre vertedura no lugar da Sionlla.  
Presentada polo PP saneamento na rúa dos Vilares.

Durante o debate sobre a pregunta oral formulada polo BNG sobre instalación de contenedores de lixo, auséntase o señor alcalde e pasa a presidir a sesión o tenente de alcalde señor Guinarte Cabada.

Interrómpese a sesión ás 14:35 horas e volve a retomarse ás 16:02, incorporándose a totalidade dos/as concelleiros e concelleiras, agás o señor interventor que xa non se reincorpora a sesión.

## **12. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS**

As mocións presentadas polo grupo municipal de Compostela Aberta en solidariedade e de apoio co sector da hostalería da nosa cidade e polo grupo municipal do BNG para designar fillo adoptivo de Santiago ao fotoxornalista Emilio Lavandeira Prieto, foron transformadas en mocións conxuntas de todos os grupos políticos municipais.

Así mesmo, foi declarada a urxencia para ser tratada na presente sesión, da moción conxunta de todos os grupos políticos municipais, para apoiar as reivindicacións da plataforma "CRER EN NÓS".

As mocións relativas ao conflito laboral do transporte de Lavacolla presentadas polo BNG e polo Partido Popular foron debatidas conxuntamente coa proposición presentada por CA relativa á mesma temática e votadas a continuación da mesma.

Os textos das mocións tratadas na presente sesión, teñen o seguinte contido:



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA POLA CREACIÓN DUNHA RUTA POLO PEQUENO PATRIMONIO CULTURAL DAS ZONAS VERDES DE SANTIAGO**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Desde o inicio da pandemia o desfrute das zonas verdes é unha prioridade para a vivencia do espazo público da cidade. Todos e todas apreciamos pasear polos parques, e semella que neste ano que comeza as zonas verdes serán outra vez espazos favoritos da veciñanza que valora a integración da natureza nas zonas máis poboadas do municipio.

Nestes momentos nos que valoramos moi conscientemente os nosos parques e xardíns, traemos unha proposta fundamentada nun enfoque divulgativo do pequeno patrimonio cultural contextualizado nas zonas verdes. En particular, neste caso, facemos referencia ao micropatrimonio cultural, un tesouro da memoria da cidade que insistimos en actualizar para que continúe a formar parte activa da vida cotiá da veciñanza.

En abril do 2019 o Concello de Santiago publicou unha guía co obxectivo de mapear a escultura contemporánea cunha antoloxía de doce pezas que enriquecen o espazo público nos parques e zonas verdes da cidade.

Todas as pezas escollidas na guía son relevantes e dan conta dunha ampla diversidade de celebracións, homenaxes e recoñecementos que suman a historia da arte contemporánea de Compostela. Destacan “A Porta da Música” de Eduardo Chillida no Parque de Bonaval, “A Pasionaria” de Camilo Otero, diante da Facultade de Económicas, “As Marías” de César Lombera e o “Dolmen Novo Milenio” de Silverio Rivas ou o surrealista “Retrato Póstumo de Asurbanipal” de Eugenio Granell, instaladas no Parque da Música do Barrio de Vista Alegre.

A elaboración, presentación e distribución desta guía, cunha tiraxe de 3000 exemplares, ademais de destacar a riqueza e a necesidade de recoñecemento da escultura contemporánea no espazo público, é dicir, posibilitar que os paseantes descubran a súa procedencia, entidade, autoría e outros datos de interese; puxo de manifesto a oportunidade de instalación sinalética non invasiva e refractaria á problemática de furto e/ou vandalismo contra o patrimonio cultural nos parques.

Neste mes de xaneiro, en pleno pico da terceira vaga pandémica, traemos unha sinxela proposta que une a riqueza natural e o patrimonio cultural da cidade. Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, presenta o seguinte

### **ACORDO:**

Que se divulgue un roteiro virtual polas 12 obras antologadas na guía da escultura contemporánea publicada en abril do 2019 e que se aproveite dita acción para a instalación de sinalética non invasiva e refractaria ó vandalismo.

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓNS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O grupo municipal de Compostela Aberta vén de realizar unha ronda de reunións coas ANPAs das escolas infantís municipais. Nestas reunións trasladáronse unha serie de demandas para a mellora das escolas infantís de xestión municipal.

No caso da escola infantil de Meixonfrío precisan ampliar a dotación de material didáctico e de contos en lingua galega. Así como a adquisición de mobiliario (estanterías) e de hamacas balancíns para as sestás das e dos máis cativos. Demandan tamén máis xogos para o patio exterior e xoguetes para o patio interior, que son escasos dende que se realizou unha inspección no centro e moitos brinquedos foron retirados por non cumprir coa normativa vixente.

Dende a ANPA tamén nos trasladan a necesidade de mellora da instalación wifi e da realización dunha pequena actuación no areeiro do patio, que se encharca os días de choiva, podendo resolverse o problema coa instalación dunha lona.

Dende a ANPA da escola infantil de Fontiñas reclaman a limpeza dun espazo público colindante coa parte traseira do centro que se atopa cheo de silvas.

No caso da ANPA da escola infantil de Conxo demandan tamén melloras no comedor escolar e que nos novos pregos para a concesión se aposte polo consumo local e se obrigue a compra da mercadoría a pequenos produtores locais, así como se incremente o control sobre o servizo e a existencia de penalizacións no caso de infraccións.

Debido ao protocolo implementado da COVID, que impide o cambio do profesorado dunha aula a outra, hai crianzas que quedaron sen profesor de inglés, cando antes sí contaban con el, demandamos a procura dunha solución que garanta a seguridade das crianzas sen que sufran unha merma na calidade educativa recibida.

Así mesmo, solicítase, que na medida do posible, a educadora ou educador sexa o mesmo en todo o ciclo de infantil, tal e como aconsellan as diferentes normativas vixentes, as características do alumnado destas idades fan preciso que a figura do educador sexa continuada no tempo dos 3 anos que dura o ciclo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Que o goberno municipal dote unha partida no orzamento 2021 para a adquisición de material preciso para as escolas infantís, así como para a realización das pequenas actuacións necesarias detalladas nesta moción.
2. Se abra un diálogo coas ANPAs e coas direccións dos centros das escolas infantís municipal para procurar unha solución os problemas comentados e que cara a licitación do servizo das escolas infantís municipais o goberno municipal escoite as súas demandas e as incorpore nos pregos.

### **MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO MEDIE NO CONFLITO LABORAL DO TRANSPORTE DE LAVACOLLA QUE DEBE SER SUBROGADO**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para que o Concello de Santiago actúe de mediador para conseguir a continuidade do persoal da liña de transporte ao aeroporto e a mellora da prestación deste servizo para a veciñanza da Lavacolla.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A xestión da liña Santiago-Aeroporto foi solicitada polo Concello de Santiago en 2018 e, por tanto, non foi licitada nos contratos do Plan de Transporte Público de Galiza. Porén, o Concello de Santiago que tiña que se facer cargo deste servizo e incluíu no prego do concurso do transporte urbano, aínda non realizou a licitación pública deste procedemento e deixou sen subrogar os traballadores desta liña cando asumiu este servizo. Non foi este un procedemento de que o Concello tivese coñecemento repentinamente e xa o 19 de xuño de 2019 o propio alcalde recoñecía nun medio de comunicación que lle trasladaran a obriga de subrogar este persoal. Mais o tempo foi pasando e o Concello desentendeuse deste problema.

A Xunta de Goberno local adoptou o acordo con data 18/12/2020 de ordenarlle á actual concesionaria do transporte colectivo urbano de viaxeiros/as (UTE Trapsa-Aulusa) que desde o 23 de decembro de 2020 e até a adxudicación do novo contrato do servizo realice a prestación desta liña ao aeroporto de Santiago, integrando este percorrido na actual liña de transporte urbano (San Marcos-Os Tilos).

Deste xeito, desde o pasado 22 de decembro de 2020 os condutores da liña de transporte público colectivo Santiago-Aeroporto-Santiago que antes formaba parte do lote "Lugo-Santiago, con anexos" a cargo da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade padecen un grave problema laboral. Así, as 9 persoas afectadas non dispoñen da carta de despedimento, ao teren dereito á subrogación, polo que non poden cobrar a prestación social a curto prazo.

A isto súmanse as queixas da veciñanza da Lavacolla, que viu deteriorada a calidade deste servizo público ao non contar con boas prestacións pola substitución da frecuencia dos autobuses, ao ir cheos de equipaxe e mesmo ao non realizar as paradas oportunas cando vai cargado de persoas pasaxeiros do aeroporto en determinados horarios, posto que non se poñen reforzos para atender a veciñanza.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

1.O Concello de Santiago mediará para conseguir a continuidade dos condutores/as na liña Santiago-Aeroporto e a mellora na prestación deste servizo de transporte público que tamén afecta á veciñanza da Lavacolla e buscará medidas legais a fin de que na licitación do contrato do transporte urbano se garanta o dereito á subrogación deste traballadores/as.

2. Dadas as queixas da veciñanza por atrasos, duración das expedicións e mal estado e condicións dos autobuses, abrírase un expediente urxente para avaliar a calidade do servizo que se presta na actualidade.

### **MOCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a celebración do Día de Rosalía de Castro de 2021.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Día de Rosalía de Castro celébrase o 24 de febreiro, data do seu nacemento, en colaboración coa Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), co obxecto de difundir a obra, o pensamento e o impulso ao idioma galego que supuxo a recuperación do uso literario por parte da escritora galega máis universal.

O seu libro *Cantares Gallegos* sinala o inicio do Rexurdimento coa restauración do uso escrito da nosa lingua e o final dos Séculos Escuros, ademais de retratar na súa obra as inxustizas que sufriu o pobo galego e de reivindicar a recuperación da súa dignidade. Na actualidade hai poemas de Rosalía de Castro traducidos a máis de 50 idiomas.

Rosalía de Castro estivo moi ligada a Santiago de Compostela, pois foi un dos lugares onde viviu, traballou e segue presente na súa obra, para alén de nacer no, naquela altura, Concello de Conxo, hoxe anexionado ao de Santiago. De feito, son moitos os espazos composteláns vinculados a Rosalía de Castro que tanto o alumnado como a veciñanza seguen a descoñecer.

Nese sentido, faise necesaria unha campaña de difusión da pegada de Rosalía de Castro en Compostela, co fin de conseguir incrementar a divulgación do seu pensamento e da importancia que tivo a súa obra para a recuperación e normalización da lingua galega no ámbito literario, ademais de ser pioneira en reivindicacións na defensa de dereitos para as mulleres. Ningunha figura como a de Rosalía conseguiu fomentar tanto a escrita na nosa lingua nin a escrita feminina e son numerosas as escritoras que se reclaman herdeiras do seu legado. Por outra parte, foi constante o traballo para conseguir trasladar ao conxunto da poboación a imaxe da muller moderna, culta e vangardista que foi, fronte aos intentos de reducila a un estereotipo folclórico ou costumista.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

1. O Concello de Santiago de Compostela promoverá unha campaña para a difusión da imaxe e de versos significativos de Rosalía de Castro para que a veciñanza pendure de galerías, balcóns e fiestras o 24 de febreiro co fin de contribuír a difundir a súa obra.
2. O Concello de Santiago de Compostela elaborará e distribuirá, de acordo cos centros educativos, materiais específicos relacionados coa súa ligazón á cidade para a difusión da obra de Rosalía de Castro entre o alumnado.
3. O Concello de Santiago de Compostela colaborará coas actividades que promova a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) sobre Rosalía de Castro na nosa cidade, dotando orzamentariamente premios para colaborar na promoción e difusión da súa obra entre a comunidade educativa.

### **MOCIÓN PARA GARANTIR OS DEREITOS DOS TRABALLADORES DA LIÑA DO AUTOBÚS AO AEROPORTO AFECTADOS POLO CAMBIO NA CONCESIÓN**

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Toda apunta a que unha negligencia do anterior goberno municipal de CA e a falta de dilixencia do actual goberno do PSdG-PSOE impediron que fosen subrogados e quedasen adscritos á concesión urbana do transporte por autobús os traballadores -cando menos os condutores- que prestaban o servizo ao aeroporto ao abeiro dunha anterior concesión e dun anterior operador autonómico, traballadores que veñen de perder os seus postos de traballo.

É por iso polo que o Grupo Municipal Popular presenta á consideración da Corporación o seguinte

### **ACORDO**

O Pleno insta ao correspondente órgano do goberno a determinar e asumir a responsabilidade que ao Concello lle corresponda en orde a garantir os dereitos dos traballadores afectados pola asunción da liña do autobús ao aeroporto por parte da concesionaria do transporte urbano ou, no seu defecto, a promover unha solución arbitral entre as empresas concernidas.

### **MOCIÓN PARA MELLORAS PUNTUAIS E PLANIFICACIÓN DA REURBANIZACIÓN DA RÚA CORREDOIRA DAS FRAGUAS**

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A veciñanza da rúa da Corredoira das Fraguas comproba como día a día o seu acceso vai transparentando máis a súa orixe etimolóxica. Non o fai pola presenza de ningún ferreiro que recupere a antiga tradición, senón polo aspecto de abandono que perciben no seu tránsito cotián.

Desde que se remataran as obras de urbanización do vello camiño hai varias décadas, son frecuentes as queixas -tal e como ten constancia o actual Goberno que xa ten recibido varias comunicacións veciñais ao respecto- polo deterioro do pavimento de chapacuña, agravado especialmente nos últimos tempos polo incremento do tráfico procedente da reordenación motivada polas obras da rúa dos Concheiros.

Aínda que boa parte da veciñanza -coa que percorremos recentemente a zona- avoga por reemprazar o estragado pavimento actual por outro máis resistente, seguro e menos ruidoso, do mesmo modo que se ten feito en gran número de rúas nos últimos anos (entre outras, San Pedro, Sar, Castrón Douro, Carretas...ou como se está a facer nos Concheiros), insisten na conveniencia dunha actuación puntual de urxencia que poña freo ao deterioro e ás eivas que se manifestan ao longo de toda a rúa, tal e como se pode constatar no anexo fotográfico que se acompaña.

Esta Corredoira das Fraguas, a pesar das súas limitacións xeométricas, soporta de forma habitual un considerable tránsito de peóns e vehículos como consecuencia da actividade que nesa zona xeran entidades como o colexio Vilas Alborada, o centro social da Trisca, a asociación veciñal A Xuntanza ou as moitas persoas que facendo o Camiño de Santiago acceden por esta rúa ao albergue do Seminario Menor de Belvís.

As demandas das persoas residentes céntranse prioritariamente na reparación dos pavimentos, tanto da calzada como das beirarrúas, na mellora da seguridade -coa habilitación dalgún paso de peóns a maiores dos existentes e unha limitación da velocidade acorde coa estreiteza das beirarrúas e co habitual tránsito de escolares do colexio citado- e na dotación de colectores para plásticos e papel dos que carecen. Máis a medio prazo fórmase a necesidade dunha reurbanización que equipare a rúa coas melloras que se veñen realizando nos arredores e que permita facer unha remodelación integral que substitúa os pavimentos e mellore a accesibilidade (marcada por unha edificación ruínosa no acceso desde Os Concheiros que solicitan que, canto antes e por seguridade, se inste ao seu arranxo e adecentamento), así como os servizos, entre eles as condicións de desaugamento que están a ocasionar embalsamentos na calzada e supoñen unha ameaza para vivendas e garaxes.

Á vista do sinalado, o Grupo Municipal Popular propónlle ao Pleno a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se proceda a:

- 1.- Realizar unha serie de actuacións de urxencia para mellorar as condicións de accesibilidade e de seguridade na calzada e nas beirarrúas da Corredoira das Fraguas, incluíndo a dotación de colectores para a recollida de plástico e papel.
- 2.- Contratar a redacción dun proxecto de reurbanización da rúa da Corredoira das Fraguas que sirva de base para afrontar, cando as dispoñibilidades orzamentarias o

permitan, unha mellora integral desta rúa, continuando así cos traballos que se veñen realizando nos últimos anos neste ámbito.

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA FREAR O AUMENTO DAS CASAS DE APOSTAS**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O pasado martes 3 de novembro aprobouse no Consello de Ministros o novo Real Decreto-Lei de Publicidade do Xogo. Este RDL incorpora unha serie de medidas moi importantes como a prohibición dos bonos de benvida, a limitación dos anuncios de xogos de apostas e a prohibición dos patrocinios nas equipas deportivas, entre outras; co obxectivo de limitar a constante publicidade das apostas en todo tipo de medios e espazos publicitarios. Actualmente, en Galicia existen 2 casinos; 11 salas de bingo; 116 salóns de xogo; 10.809 máquinas B, B especial e C instaladas e outras 3.340 máquinas en baixa temporal. Ademais, existen outras 3.811 máquinas de apostas deportivas -modalidade máis recente- das que 543 están en salóns; 244 en casas de apostas e as outras 3.024 en locais de hostalaría.

O xogo patolóxico é un trastorno que figura entre as adiccións de tipo comportamental nas clasificacións médicas e psicolóxicas, e que ten especial incidencia nos sectores poboacionais máis precarios. Consiste na perda do control do comportamento en relación ao xogo que se caracteriza por ter graves consecuencias para as persoas como problemas académicos, laborais, económicos, sociais e/ou legais asociados ao xogo, así como á súa contorna máis próxima. Ademais, non debemos de esquecer que non fai falta ser un ludópata para ter un problema co xogo. Estímase que 1 de cada 4 xogadores que xogou nos últimos 12 meses presenta algún tipo de problema co xogo.

Unha problemática que habitualmente aínda é máis grave onde residen camadas de poboación con menores rendas. Localidade e barrios humildes onde a falta de expectativas, dun futuro estable e a falta de alternativas de lecer son o caldo de cultivo perfecto para doses rápidas de adrenalina onde conseguir diñeiro sen esforzo, afectando especialmente á nosa mocidade. Diante desta situación, non é tampouco admisible que as casas de apostas aumenten día a día os seus lucros e deixen ás familias e ao conxunto da sociedade a obrigaón de custear integramente o tratamento das persoas ás que engancharon.

É de xustiza, tomar medidas que poñan freo á expansión deste tipo de locais e garantir desde as institucións o dereito ao lecer. De forma física ou a través de Internet, o que se esconde detrás de cada aposta é o mesmo: a falsa realidade de que podemos xerar riqueza con pouco esforzo. O que non se conta, é que o beneficio dun día é a perda do outro, e que mesmo esta perda pode ser aínda maior. O final do conto sempre é o mesmo sendo o dono da casa de apostas o único que gaña. É o momento de que as diferentes institucións adapten a normativa á realidade social, económica e tecnolóxica da actividade do xogo antes de que se converta nunha secuela sen retorno. É o momento de tomar, a nivel local e a nivel galego, para atallar esta

problemática e garantir o dereito ao lecer digno e accesible en todas as cidades, vilas, aldeas e barrios do noso país.

Así pois, tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

**ACORDO:**

Instar o goberno galego a:

1. No marco das restricións sanitarias levadas a cabo por motivo da Covid-19, establecer horarios de peche e de admisión de novos clientes das casas de apostas, casinos de xogo e salas de bingo, máis reducidos que os do sector da hostalaría.
2. Establecer unha distancia mínima de 1 km lineais entre as casas de apostas presenciais e os centros educativos de ensino obrigatorio, formación profesional, universitaria, centros de rehabilitación e hospitais.
3. Que non se concedan novas autorizacións de xogo para casas de apostas presenciais en Galicia e que se prohiban as terminais de apostas deportivas en salóns de xogo, bingos, casinos e bares.
4. Implementar regularmente plans de inspección nas casas de apostas presenciais para aumentar os controis e prever o acceso ás persoas menores de idade.
5. Realizar programas de formación da Policía Local sobre a aplicación da normativa e as infraccións máis habituais relacionadas coas apostas e o xogo.
6. Realizar e publicar informes periódicos sobre a localización xeográfica das casas de apostas presenciais atendendo a criterios socio-económicos da poboación local.
7. Recoñecer a ludopatía como problema de saúde pública e garantir os recursos públicos nos plans de prevención e rehabilitación da ludopatía no marco do sistema público de saúde co obxectivo de acelerar o acceso e mellorar a calidade do servizo.

**MOCIÓN PARA MELLORAR A MOBILIDADE E A ACCESIBILIDADE NO BARRIO DA ALMÁCIGA**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para mellorar a mobilidade e accesibilidade no barrio da Almáciga.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O grupo municipal do BNG recolleu unha serie de demandas da veciñanza do barrio da Almáciga que requiren unha actuación sobre a zona en diversos ámbitos.

En primeiro lugar, a Almáciga é un dos poucos – se non o único – barrio compostelán que non conta cun parque infantil público. Vista esta necesidade, a veciñanza solicita que se estude a posibilidade de instalar un espazo con xogos infantís detrás do CEIP Apóstolo Santiago, ao lado das hortas.



Do mesmo xeito, detéctanse diversos puntos que presentan problemas de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida.

Ademais, existen rúas e zonas que deixan ver un claro abandono e que precisan dalgunha actuación, como é o caso da rúa do Pino. Estas intervencións deberan incluír unha revisión do pavimento, a colocación de pasamáns, a poda de árbores ou a retirada dalgunhas que rompen muros próximos a vivendas, focos de luz, a revisión de beirarrúas perigosas pola súa deterioración debido ao paso de vehículos ou a de escaleiras que son de madeira e teñen risco de esvarar, etc.

No relativo ao tráfico, detéctanse numerosos problemas de visibilidade en rúas como a de Touro, en que cumpriría facer unha revisión da mobilidade e dos lugares onde se permite estacionar de cara a garantir a seguranza viaria da zona, así como en rúas de dobre sentido onde non caben dous vehículos á vez, polo que teñen que subir á beirarrúa para poderen pasar.

Todo isto pon de manifesto que o barrio presenta a necesidade de que realicen actuacións encamiñadas a mellorar a mobilidade e a accesibilidade para a veciñanza, que se poden estudar en colaboración con COGAMI. Do mesmo xeito, cómpre estudar os accesos a este parque, que presentan certo perigo polas súas pendentes e pavimento deteriorado.

Por outra banda, resultaría de interese promocionar o parque da Almaciga como un lugar de interese tanto turístico como para o coñecemento da propia veciñanza de Santiago, co obxectivo de dar a coñecer a súa historia e os seus valores singulares. Entre outros atractivos, conta cun miradoiro e cun estanque, xunto co enclave xeográfico que representa ao conectar co parque de Bonaval.

Resultaría de interese estudar a colocación de paneis informativos sobre a historia do parque, desde a vinculación árabe que orixina o seu topónimo como lugar destinado á sementeira, como o espazo onde se desenvolveu a última batalla da Revolución Irmandiña en 1496. En 1782 instalouse un pozo da neve, en 1804 dotouse dun lazareto e tamén contou cun forte destinado a polvoreira que voou en 1836. Estes feitos históricos son descoñecidos para unha parte da veciñanza de Santiago, así como para a inmensa maioría de persoas que nos visitan, o que lle outorgaría un atractivo máis tanto ao parque como ao barrio en xeral.

Por último, cómpre lembrar a demanda xa histórica do barrio da Almaciga relativa ao percorrido do bus urbano, xa que é un dos barrios en que na actualidade non se dispón de transporte público, o que resulta de especial urxencia xa que se trata dunha zona con numerosas pendentes e cunha poboación envellecida, que precisa de transporte para actividades tan básicas como acudir a unha cita médica.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

## **ACORDO**

O Pleno da Corporación insta os órganos de Goberno correspondentes a realizar un plan de mellora da accesibilidade e mobilidade que atenda as necesidades da veciñanza do barrio da Almaciga

O Pleno da Corporación insta os órganos de Goberno correspondentes a incluír nos Orzamentos de 2021 a creación dun espazo infantil no barrio da Almáciga.

O Pleno da Corporación insta os órganos de Goberno correspondentes a instalar paneis informativos para a divulgación de lugares de interese cultural e histórico no barrio da Almáciga.

### **MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS EN SOLIDARIEDADE E APOIO CO SECTOR DA HOSTELARÍA DA NOSA CIDADE**

O sector da hostalería está a ser un dos máis afectados desde o principio da crise do coronavirus, tanto en Santiago de Compostela como no conxunto do país. Un sector afogado ao que non se lle poden pedir máis esforzos, posto que desde marzo do ano pasado é un dos ámbitos económicos e sociais máis prexudicados por toda esta crise.

No momento actual, tendo en conta o maior agravamento da situación provocada pola terceira vaga de contaxios, as administracións públicas non poden continuar a tomar medidas restritivas que non veñan acompañadas das necesarias medidas económicas e solucións de rescate para os sectores máis agraviados. É necesario que se axilicen os trámites e resolucións de todas as axudas aínda pendentes, xa aprobadas nos diferentes niveis administrativos, así como a aprobación de novos paquetes de axudas e dos seus adiantos, para que a liquidez chegue ao sector canto antes.

Compre dar unha estabilidade e un horizonte de futuro que inclúan medidas para rescatar economicamente a hospedaxe, o ocio nocturno, os profesionais do mundo da cultura que desenvolven o seu traballo en sinerxía coa hostalería. En definitiva, un sector amplo fundamental para a economía galega e compostelá, do que viven milleiros de familias de maneira directa e do que dependen ademais outras moitas empresas provedoras ou distribuidoras. Un rescate que permita salvar a pequenas e medianas empresas e, polo tanto, os miles de postos de traballo que dependen delas, pero as súas reclamacións non obtiveron unha resposta satisfactoria nin por parte do Goberno galego nin por parte do Goberno central. É necesario encontrar fórmulas que permitan desenvolver a actividade e que trace a medio prazo unha estabilidade no conxunto do sector.

Por todo o anterior, os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Manifestar a solidariedade do Concello de Santiago co sector da Hostalería e a comprensión ante as súas mobilizacións por causa da grave crise da Covid-19.
2. Instar ao correspondente órgano do Goberno do Concello de Santiago e ás diversas administracións públicas a garantir a axilidade no pagamento das axudas ao sector e garantir, de maneira equitativa e conxunta ou coordinada, a viabilidade e sostibilidade dun plan de rescate a medio-longo prazo, ampliando medidas xa adoptadas que faciliten o mantemento da actividade do sector, e tomando en consideración para todo isto aos representantes hostaleiros da nosa cidade.

### **MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS PARA DESIGNAR FILLO ADOPTIVO DE SANTIAGO O FOTOXORNALISTA EMILIO LAVANDEIRA PRIETO**

O fotógrafo Emilio Lavandeira Prieto naceu en 1934 en Ortigueira e con 8 anos instalouse en Santiago de Compostela, onde viviu na zona de San Caetano, na rúa de San Pedro e das Casas Reais xunto coa súa familia. A súa muller, a compostelá Catalina Villar Pérez, é copartícipe de moitas das súas actividades e soporte vital imprescindible na súa traxectoria profesional e artística.

Lavandeira estudou na Facultade de Dereito da USC ao tempo que espertou a súa vocación pola fotografía cunha Rolleiflex. Tempo despois mercou unha nova cámara na Casa Gama, da Coruña, onde traballaba o fotógrafo Manuel Ferrol e abriu o seu propio estudio no número 22 da rúa Doutor Teixeiro. O seu lema nos anuncios radiofónicos, froito da súa característica retranca, era “Lavandeira, o peor fotógrafo e o máis caro”. Logo, o seu labor orientouse a realizar reportaxes fotográficas que comezou a reproducir a prensa galega.

En 1960 organizou unha exposición na sede da Protectora de Artesáns, na rúa do Vilar, á que concorreu numeroso público entre o que estaba o fotógrafo Ksado que lle prognosticou un brillante futuro profesional.

Trasládouse a Madrid, onde traballou na revista Blanco y Negro e nos xornais Arriba como fotógrafo deportivo “sen ser falanxista”, en Nuevo Diario “sen ser do OPUS” e en ABC “sen ser monárquico”, como el propio define, durante un período compatibilizou estes traballos cos estudos de Xornalismo na Universidade Complutense. En 1970 entrou en EFE en Madrid e en 1979, a petición propia, volveu a Santiago de Compostela e estivo nesta axencia até a súa xubilación. Fundou, con outros compañeiros, a Asociación Fotográfica Compostelana.

Ademais, publicou La Carrilana: manual para andar de pie por el mundo en 1989 con ilustracións de Laxeiro e ¡Al pan, pan...! Consejos para la mochila en 2005 con ilustracións de Alfonso Abelenda. Tamén organizou diversas exposicións de pintura e tocou nun grupo musical, entre outras das súas facetas artísticas.

Como galardóns, recibiu o Premio Galicia de Comunicación, en 1998, e o convocado pola Fundación Caixa Galicia en colaboración coa Asociación da Prensa da Coruña “Unha vida en imaxes” pola súa carreira profesional, en 2010. Obtivo as distincións como Membro de Honra e Insignia do Casino en 2019 polo seu compromiso con Santiago de Compostela.

Por todo o anterior, o Pleno da corporación **ACORDA:**

Instar a Comisión de Condecoracións a estudar e propoñer a designación como fillo adoptivo de Santiago de Compostela o fotoxornalista Emilio Lavandeira Prieto e organizar un acto de recoñecemento público pola súa dedicación profesional concibida como un servizo á sociedade, ademais de levar a fotografía polo camiño da verdade e de reivindicar o sentido ético do fotoxornalismo.

### **MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA APOIAR AS REVINDICACIÓNS DA PLATAFORMA “CRER EN NÓS”**

O sector da imaxe persoal de Galicia, formado por salóns de peiteado, barberías e centros de estética, integrouse na plataforma estatal CRER EN NÓS en representación do sector galego. Desta plataforma forman parte milleiros de profesionais do sector da imaxe persoal de toda España, composto maioritariamente

de autónomos e autónomas, co único fin de loitar para conseguir a redución do imposto do IVE do sector, que no ano 2012 estableceuse nun 21%. Ata ese ano, concretamente os salóns de peiteado tiñan un IVE do 8%, é dicir tiñan o IVE de servizos esenciais, e os servizos de estética tiñan un IVE do 16%.

A principal reivindicación da plataforma CRER EN NÓS e a baixada do IVE ao 10%, e considerar os salóns de peiteado, barberías e estéticas como actividade esencial. Este sector xa viña sufrindo unha difícil situación, pero coa chegada da COVID-19 o sector pasou a estar nunha situación moi crítica. Tiveron que pechar durante tres meses por causa de forza maior e actualmente atópase totalmente limitados polas medidas de seguridade establecidas, que non lles permite desenvolver a súa profesión con total dispoñibilidade, incluíndo a limitación do aforo.

No contexto actual, os salóns de peiteado, barberías e centros de estética, nos 9 meses de pandemia do ano 2020, en comparación co mesmo período do ano anterior, experimentaron unha caída da facturación nunha media dun 38,9%. Con todo, para o 67,8% do sector, a facturación dos primeiros 9 meses de 2020 caeu ata chegar o 50%. As previsións para o último trimestre de 2020 non son nada positivas xa que se esperaba que a facturación media descenderá un 38,83%.

Trátase dun sector económico formado por máis de 150.000 traballadoras e traballadores en España, onde o 85% son mulleres autónomas. Xera uns 50.000 empregos indirectos. É un sector que se viu afectado coas restricións para o Estado de Alarma e a posterior situación xerada pola pandemia.

A plataforma CRER EN NÓS está a levar, dende o verán, actos reivindicativos do sector por toda España, e de maneira máis acentuada durante o mes de outubro e neste pasado 20 de xaneiro, onde decenas de profesionais se concentraron na praza do Obradoiro e noutras cidades do país.

Por todo o anterior, os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar a o Goberno de España a que devolva ao sector dos salóns de peiteado, barberías e centros de estética o IVE reducido do 10%, considerándoos actividade esencial.
2. Notificar esta resolución ao Goberno de España.”

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG para que o concello medie no conflito laboral do transporte de Lavacolla, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PP, e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Que o Concello de Santiago medie para conseguir a continuidade dos condutores/as na liña Santiago-Aeroporto e a mellora na prestación deste servizo de transporte público que tamén afecta á veciñanza da Lavacolla e buscará medidas legais a fin de que na licitación do contrato do transporte urbano se garanta o dereito á subrogación deste traballadores/as.

2. Dadas as queixas da veciñanza por atrasos, duración das expedicións e mal estado e condicións dos autobuses, abrírase un expediente urxente para avaliar a calidade do servizo que se presta na actualidade.

A moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para garantir os dereitos dos traballadores da liña do autobús ao aeroporto afectados polo cambio de concesión, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do goberno a determinar e asumir a responsabilidade que ao concello lle corresponda en orde a garantir os dereitos dos traballadores afectados pola asunción da liña do autobús ao aeroporto por parte da concesionaria do transporte urbano ou, no seu defecto, a promover unha solución arbitral entre as empresas concernidas.

Na moción urxente e conxunta dos catro grupos políticos municipais, para apoiar as reivindicacións da Plataforma “Crer en Nós”, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1. Instar a o Goberno de España a que devolva ao sector dos salóns de peiteado, barberías e centros de estética o IVE reducido do 10%, considerándoos actividade esencial.

2. Notificar esta resolución ao Goberno de España.

Con respecto á moción do grupo municipal de CA para a creación dunha ruta polo pequeno patrimonio cultural das zonas verdes de Santiago, á que presentou emenda o grupo municipal popular e que non foi aceptada, e o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda que se divulgue un roteiro virtual polas 12 obras antologadas na guía da escultura contemporánea publicada en abril do 2019 e que se aproveite dita acción para a instalación de sinalética non invasiva ou refractaria ao vandalismo.

A moción presentada polo grupo municipal de CA para a realización de diversas actuacións nas escolas infantís municipais, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP, e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Que o goberno municipal dote unha partida no orzamento 2021 para a adquisición de material preciso para as escolas infantís, así como para a realización das pequenas actuacións necesarias detalladas nesta moción.

2. Que se abra un diálogo coas ANPAs e coas direccións dos centros das escolas infantís municipais para procurar unha solución os problemas comentados e que cara a licitación do servizo das escolas infantís municipais o goberno municipal escoite as súas demandas e as incorpore nos pregos.

Con respecto á moción presentada polo BNG, para a celebración do día de Rosalía, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda, que o concello:

1. Promoverá unha campaña para a difusión da imaxe e de versos significativos de Rosalía de Castro para que a veciñanza pendure de galerías, balcóns e fiestras o 24 de febreiro co fin de contribuír a difundir a súa obra.
2. Elaborará e distribuirá, de acordo cos centros educativos, materiais específicos relacionados coa súa ligazón á cidade para a difusión da obra de Rosalía de Castro entre o alumnado.
3. Colaborará coas actividades que promova a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) sobre Rosalía de Castro na nosa cidade, dotando orzamentariamente premios para colaborar na promoción e difusión da súa obra entre a comunidade educativa.

En relación á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular para melloras puntuais e planificación da reurbanización da rúa Corredoira das Fraguas, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que por parte do correspondente órgano do goberno local se proceda a:

1. Realizar unha serie de actuacións de urxencia para mellorar as condicións de accesibilidade e de seguridade na calzada e nas beirarrúas da Corredoira das Fraguas, incluíndo a dotación de colectores para a recollida de plástico e papel.
2. Contratar a redacción dun proxecto de reurbanización da rúa da Corredoira das Fraguas que sirva de base para afrontar, cando as dispoñibilidades orzamentarias o permitan, unha mellora integral desta rúa, continuando así cos traballos que se veñen realizando nos últimos anos neste ámbito.

Con relación á moción conxunta presentada polos catro grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG), que substitúe á presentada por CA, en solidariedade e apoio co sector da hostalería, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1. Manifestar a solidariedade do Concello de Santiago co sector da hostalería e a comprensión ante as súas mobilizacións por causa da grave crise da Covid-19.
2. Instar ao correspondente órgano do Goberno do Concello de Santiago e ás diversas administracións públicas a garantir a axilidade no pagamento das axudas ao sector e garantir, de maneira equitativa e conxunta ou coordinada, a viabilidade e sostibilidade dun plan de rescate a medio-longo prazo, ampliando medidas xa adoptadas que faciliten o mantemento da actividade do sector, e tomando en consideración para todo isto aos representantes hostaleiros da nosa cidade.

A moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, relativa a frear o aumento das casas de apostas á que presentaron emendas os grupos municipais do PSdeG-PSOE, do PP e do BNG, e despois de ser aceptada a do BNG, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-

PSOE) e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda instar o goberno galego a:

1. No marco das restricións sanitarias levadas a cabo por motivo da Covid-19, establecer horarios de peche e de admisión de novos clientes das casas de apostas, casinos de xogo e salas de bingo, máis reducidos que os do sector da hostalaría.
2. Establecer unha distancia mínima de 1 km lineais entre as casas de apostas presenciais e os centros educativos de ensino obrigatorio, formación profesional, universitaria, centros de rehabilitación e hospitais.
3. Que non se concedan novas autorizacións de xogo para casas de apostas presenciais en Galicia e que se prohiban as terminais de apostas deportivas en salóns de xogo, bingos, casinos e bares.
4. Implementar regularmente plans de inspección nas casas de apostas presenciais para aumentar os controis e prever o acceso ás persoas menores de idade.
5. Realizar programas de formación da Policía Local sobre a aplicación da normativa e as infraccións máis habituais relacionadas coas apostas e o xogo.
6. Realizar e publicar informes periódicos sobre a localización xeográfica das casas de apostas presenciais atendendo a criterios socio-económicos da poboación local.
7. Recoñecer a ludopatía como problema de saúde pública e garantir os recursos públicos nos plans de prevención e rehabilitación da ludopatía no marco do sistema público de saúde co obxectivo de acelerar o acceso e mellorar a calidade do servizo.
8. O Pleno do Concello de Santiago desenvolverá unha nova campaña para informar das consecuencias dos xogos de apostas tendo en conta o dano que causan, especialmente, entre a mocidade e como afectan á economía e á vida das persoas e da súa contorna. Ademais, organizará en colaboración coas ANPA, charlas nos centros de ensino para a prevención de ludopatías e outras adiccións sen substancia.

Con respecto á moción conxunta dos catro grupos políticos municipais (BNG, PSOE, CA e PP), que ven a substituír á presentada polo BNG, para designar fillo adoptivo da cidade ao fotoxornalista Emilio Lavandeira Prieto, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar á Comisión de Condecoracións a estudar e propoñer a designación como fillo adoptivo de Santiago de Compostela o fotoxornalista Emilio Lavandeira Prieto e organizar un acto de recoñecemento público pola súa dedicación profesional concibida como un servizo á sociedade, ademais de levar a fotografía polo camiño da verdade e de reivindicar o sentido ético do fotoxornalismo.

A moción presentada polo grupo municipal do BNG, para mellorar a accesibilidade no barrio da Almáciga, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación, acorda instar aos órganos de goberno correspondentes:

1. A realizar un plan de mellora da accesibilidade e mobilidade que atenda as necesidades da veciñanza do barrio da Almáciga.

2. A incluír nos Orzamentos de 2021 a creación dun espazo infantil no barrio da Almaciga.

3. A instalar paneis informativos para a divulgación de lugares de interese cultural e histórico no barrio da Almaciga.

O señor alcalde pecha a sesión cando son as 17:56 horas. Dou fe.